

2009

ARTESANÍA DE GALICIA

ARTESANÍA
DE GALICIA



axudas 
actuacións 



XUNTA DE GALICIA



AXUDAS DIRIXIDAS AO SECTOR ARTESANAL



Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio aos obradoiros artesanais



Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio ás asociacións profesionais de artesans

Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio aos obradoiros artesanais



Orde do 31 de decembro de 2008 (D.O.G. do 17 de febreiro de 2009)

● BENEFICIARIOS

Titulares de obradoiros artesanais

● OBXECTO

Fomento e desenvolvemento do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do apoio aos obradoiros artesanais. O programa concrétese nas seguintes liñas de actuación:

- A) *Obras de nova construción, reforma, rehabilitación, acondicionamento de locais produtivos, que deberán cumprir cos requisitos esixidos legalmente en cada caso.*
Nos obradoiros instalados no interior de inmobles destinados a usos diferentes dos propios da actividade artesanal, só se subvencionarán as obras realizadas no interior dos obradoiros.
- B) *Proxectos de innovación no proceso produtivo.* Adquisición, en réxime de propiedade, de equipos propios das características da actividade artesanal, que deberán ser en todo caso de primeiro uso:
 - Maquinaria, ferramentas e equipo auxiliar, que serán de fabricación externa cualificada.
 - Equipos para procesos de informatización, cun máximo dunha unidade por entidade solicitante, e instalacións de deseño asistido por ordenador.
- C) *Divulgación e promoción de produtos artesanais:*
 - Deseño de imaxes corporativas, logotipos, realización de catálogos ou outro tipo de soporte publicitario, incluídos rótulos e vallas publicitarias, en papel, magnéticos, ou CD/DVD, a edición de material impreso, audiovisual, sobre produción artesanal, especificamente concibidos e dirixidos ao fomento da actividade e á potenciación dos produtos artesanais.
 - Gastos de deseño, creación e contratación de dominio para páxina web do obradoiro.
 - Deseño de envase e embalaxes de produtos artesanais.

- D) *Participación como expositor con caseta propia en feiras profesionais.*
- Gastos que ocasionen os espazos que se contraten, aluguer ou construción da caseta e transporte do material, montaxe e desmontaxe das casetas, seguros, enerxía eléctrica, vixilancia. Contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes, gastos de desprazamento e aloxamento de ata dúas persoas, así como de publicidade e publicacións relacionadas con esta participación.
 - Adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización exclusiva en feiras profesionais.
- E) *Inscrición en programas formativos de especialización profesional que teñan relación coa súa actividade, cun máximo de dous asistentes por obradoiro.*
- As actividades de formación non poderán ter unha duración superior a 100 horas, e cun máximo de dúas accións formativas por participante.
- F) *Incorporación do deseño ás novas liñas de produto*, mediante a colaboración con axentes externos profesionais que desenvolvan dita actividade a título principal:
- Gastos externos derivados da realización de proxectos de deseño de produto, contemplándose os honorarios dos consultores de deseño, así como os custos relativos aos materiais necesarios para plasmar en prototipos os deseños froito da colaboración.
- G) *A contratación en prácticas, por parte de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de traballadores desempregados inscritos no momento da contratación no Servizo Público de Emprego que non tivesen relación laboral coa empresa a través dun contrato de igual modalidade.*
- H) *Alta na Seguridade Social de novos artesáns.*

Subvención

Poderá acadar o 60 por 100 do investimento subvencionable alí onde non estea establecido un límite porcentual de subvención, cun máximo de 30.000 euros por entidade para a suma de todas as tipoloxías de axudas concedidas.

Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio ás asociacións profesionais de artesáns

Orde do 31 de decembro de 2008 (D.O.G. do 17 de febreiro de 2009)



● BENEFICIARIOS

Asociacións profesionais de artesáns que acrediten a inscrición dun mínimo de dez artesáns no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

● OBXECTO

Fomento e desenvolvemento do sector artesán galego na Comunidade Autónoma de Galicia a través do apoio ás asociacións profesionais do sector. O programa concrétese nas seguintes liñas de actuación:

A) *Obras nos locais asociativos.*

- Reforma, rehabilitación e acondicionamento de locais asociativos. No caso de locais asociativos instalados no interior de inmobles destinados a usos diferentes dos propios da actividade asociativa, só serán obxecto de subvención as obras realizadas no interior destes.

B) *Investimentos en equipamento, mellora da loxística e das comunicacións.*

- Adquisición de equipos para procesos de informatización, que deberán ser, en todo caso, de primeiro uso, cun máximo dunha unidade por entidade solicitante.
- Creación de redes de comunicación que posibiliten a interconexión en rede das asociacións profesionais entre si ou cos seus artesáns, así como con outros organismos ou centros de xestión directamente relacionados co sector da distribución comercial, e que fomenten o labor de asesoramento e a posta en funcionamento de plataformas que faciliten o comercio electrónico.
- Proxectos de creación e consolidación de agrupacións e central de compras e servizos, estudos previos sobre a súa viabilidade e a súa posta en funcionamento, e plans de accións realizados por empresas especializadas avaladas polo seu currículo e a experiencia na materia que deberá demostrar documentalmente.

- C) *Divulgación e promoción de produtos artesanais.*
- Deseño de imaxes corporativas, logotipos, realización de catálogos ou outro tipo de soporte publicitario, incluídos rótulos e vallas publicitarias, en papel, magnéticos ou CD/DVD, a edición de material impreso e audiovisual sobre produción artesanal, especificamente dirixidos e concibidos ao fomento da actividade e á potenciación dos produtos artesanais.
 - Gastos de deseño, creación e contratación do dominio para a páxina web.
 - Deseño de envases e embalaxes de produtos artesáns.
- D) *Participación como expositor con caseta propia en feiras de carácter profesional.*
- Gastos que ocasionen os espazos que se contraten, alugamento ou construción da caseta e transporte do material, montaxe e desmontaxe das casetas, seguros, enerxía eléctrica e vixilancia. Contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes, gastos de desprazamento e aloxamento de ata dúas persoas, así como publicidade e publicacións relacionadas con esta participación.
 - Adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización exclusiva en feiras profesionais.
- E) *Incorporación do deseño ás novas liñas de produto* mediante a colaboración con axentes externos profesionais que desenvolvan a devandita actividade a título principal.
- Os honorarios dos consultores de deseño así como os custos relativos aos materiais necesarios para plasmar en prototipos os deseños froito da colaboración.
- F) *Actuacións específicas realizadas polas asociacións profesionais de artesáns:* actividades de información e orientación comercial, organización de conferencias, xornadas técnicas, mesas redondas, entre outras actuacións, orientadas e deseñadas en liña coas características e especificidades do sector artesanal e encamiñadas ao fomento e desenvolvemento deste.

Subvención

A porcentaxe de subvención poderá acadar ata o 70 por 100 do investimento subvencionable aprobado pola Dirección Xeral de Comercio.



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ACTUACIÓN S 2009

- * Proxectos
- * Divulgación
- * Organización
- * Participación en feiras e eventos
- * Formación

PROXECTOS

II Edición dos Premios de Artesanía de Galicia.
Bases en www.artesaniadegalicia.org

DIVULGACIÓN

Publicación do 3º número da revista semestral “Obradoiro de Artesanía” (xuño)

Publicación do 4º número da revista semestral “Obradoiro de Artesanía” (decembro)

ORGANIZACIÓN

I Mostra de Artesanía de Galiza - MOA (27 de febreiro - 1 de marzo, A Coruña)

www.moagaliza.org

PARTICIPACIÓN EN FEIRAS E EVENTOS

Mostra do Encaixe de Camariñas (8 - 12 de abril, Camariñas)

Feira de Artesanía de Ourense (abril - maio, Ourense)

III Encontro de Cerámica Contemporánea (6 - 11 de xullo, Nigrán)

Mostra de Olaría de Buño (agosto, Malpica de Bergantiños)

Mostrart (agosto, A Coruña)

IX Encontro de Torneiros (setembro, Xermade)

Ofeitoaman (decembro 2009 - xaneiro 2010, Vigo)

Intergift, Iberjoya (14 - 18 de xaneiro, Madrid) - Profesional

Maison & Object (23 - 27 de xaneiro, París) - Profesional

73º Mostra Internazionale dell'Artigianato (25 de abril - 3 de maio, Florencia) - Venda directa

Tendence - Collection - Messe Frankfurt (3 - 7 de xullo, Frankfurt) - Profesional

Maison & Object (4 - 8 de setembro, París) - Profesional

Intergift, Iberjoya (9 - 13 de setembro, Madrid) - Profesional

Cadeaux á P'art (novembro, Burdeos) - Venda directa

L'Artigiano in Fiera (decembro, Milán) - Venda directa

FORMACIÓN

Accións formativas do 1º semestre:

CURSOS

INICIACIÓN Á ARTE FLORAL

Código: 1601 Data: sábados, a partir 17 de xaneiro Horas: 50 Lugar: A Coruña

GRAVADO APLICADO Á ENCADERNACIÓN ARTÍSTICA

Código: 1001 Data: 23 (tarde), 24 e 25 de xaneiro Horas: 20 Lugar: Lugo

PASAMANERÍA

Código: 8003 Data: 26 - 31 de xaneiro Horas: 50 Lugar: Gondomar, Pontevedra

MATRICES TRIDIMENSIONAIS PARA ESTAMPAR, APLICADAS AO VULTO REDONDO E PLANAS PARA O TÓRCULO

Código: 1002 Data: 6 (tarde), 7 e 8 de febreiro Horas: 20 Lugar: Lugo

TINGUIDURAS NATURAIS

Código: 1402 Data: 9 - 14 de febreiro Horas: 50 Lugar: Monforte de Lemos, Lugo

CESTARÍA DE VIMBIO E LÁMINAS DE CASTIÑEIRO

Código: 2001 Data: 4, 15, 21, 22 e 28 de febreiro e 1, 7, 8, 14 e 15 de marzo Horas: 50 Lugar: Samos. Lugo

PERFECCIONAMENTO DO GUIPUR. COMEZOS E REMATES

Código: 1701 Data: 28 de febreiro - 1 de marzo e do 4 ao 8 de marzo Horas: 50 Lugar: A Coruña

TECIDOS EN TEARES DOBRES, TRIPLOS E MÚLTIPLES

Código: 8005 Data: 2 - 7 de marzo Horas: 50 Lugar: Gondomar, Pontevedra

TÉCNICAS DE ELABORACIÓN DO ENCAIXE (PERFECCIONAMENTO)

Código: 1101 Data: 2 - 30 de marzo Horas: 50 Lugar: Muxía, A Coruña

TÉCNICAS DE PERFECCIONAMENTO DO ENCAIXE

Código: 1102 Data: 2 - 30 de marzo Horas: 50 Lugar: Moirame, A Coruña

PERFECCIONAMENTO DO ENCAIXE DE PALILLOS

Código: 1103 Data: 2 - 30 de marzo Horas: 50 Lugar: Quintás, A Coruña

TÉCNICAS DE COSIDO MANUAL EN COIRO

Código: 7001 Data: 7, 8, 14 e 15 de marzo Horas: 40 Lugar: O Cervo, Lugo

INICIACIÓN E TÉCNICAS BÁSICAS DA FORXA

Código: 3001 Data: fins de semana de marzo (7-29) Horas: 50 Lugar: A Fonsagrada, Lugo

BORDADO EN TULE. PERFECCIONAMENTO

Código: 1202 Data: 3 - 5 e 17 - 19 de abril Horas: 50 Lugar: Ourense

VIDREIRAS CHUMBADAS. INICIACIÓN

Código: 1801 Data: 3, 4, 17, 18, 24 e 25 de abril e 8, 9, 15, 16 e 22 de maio
Horas: 50 Lugar: Gondomar, Pontevedra

MODELAXE DE XOIAS PARA HOME

Código: 9001 Data: 4 e 18 de abril, 9 e 23 de maio, 6 e 20 de xuño Horas: 48 Lugar:
Vigo, Pontevedra

TALLA EN MADEIRA. PERFECCIONAMENTO (MÓDULO I)

Código: 1401 Data: 13 de abril - 18 de maio Horas: 75 Lugar: Monforte de Lemos, Lugo

COMPLEMENTOS TÉXTILES

Código: 8004 Data: 20 - 25 de abril Horas: 50 Lugar: Gondomar, Pontevedra

PERFECCIONAMENTO DE EMPECES E REMATES DO ENCAIXE GALEGO

Código: 1301 Data: 8 - 10 e 29 - 31 de maio Horas: 50 Lugar: Pontevedra

ENCAIXE DE BINCHE

Código: 6001 Data: 11 - 15 de maio Horas: 40 Lugar: Neda, A Coruña

MACRAMÉ VENECIANO. INICIACIÓN

Código: 4003 Data: 15 - 17 e 22 - 24 de maio Horas: 50 Lugar: Ourense

CLASIFICACIÓN E IDENTIFICACIÓN DE ENCAIXE

Código: 8001 Data: 1 - 6 de xuño Horas: 50 Lugar: Gondomar, Pontevedra

TIPOS DE MOLDURAS NA CANTERÍA

Código: 4001 Data: 5 - 27 de xuño (venres e sábados) Horas: 50 Lugar: O Carballiño, Ourense

RET-FÍ CATALÁN

Código: 1201 Data: 22 - 26 de xuño Horas: 40 Lugar: Ourense

MODELOS SIMPLES DE BANCO EN XESO E PROXECTO DE MODELOS REVOLUTIVOS

Código: 5001 Data: 29 de xuño - 4 de xullo e 6 - 8 de xullo Horas: 75 Lugar: Sada, A Coruña

NOVAS TECNOLOXÍAS EN MOLDES

Código: 8002 Data: maio - xuño Horas: 50 Lugar: Gondomar, Pontevedra

Máis información e inscricións na páxina web www.artesaniadegalicia.org



881 999178 / 981 545556
www.conselleriaiei.org
dxcmr.artesania@xunta.es

Para máis información en materia de artesanía, a
Dirección Xeral de Comercio puxo en marcha a páxina
web: www.artesaniadegalicia.org



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

881 999 175
centro.artesania@xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO



**ARTESANÍA
DE GALICIA**

